



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Servizos Económicos - Oficina Orzamentaria

Anuncio da aprobación definitiva do orzamento xeral e do cadro de persoal para o exercicio 2024 do Concello de Santiago de Compostela

Aprobación definitiva do Orzamento Xeral e do Cadro de Persoal para o exercicio 2024 do Concello de Santiago de Compostela.

O Concello-Pleno na sesión extraordinaria celebrada en data de 7 de febreiro de 2024 prestou aprobación inicial ao orzamento xeral desta entidade, do seu organismo autónomo Auditorio de Galicia, das sociedades mercantís de capital integramente municipal, Información e Comunicación Local SA (INCOLSA) e Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago de Compostela SA (TUSSA), e das demais entidades participadas polo Concello que forman parte do expediente, a Fundación Refuxio de Animais, a Fundación Eugenio Granell, a Sociedade Mercados Centrais de Abastecimento de Santiago S.A. (MERCAGALICIA) e a Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras S.L. (UNINOVA), así como o cadro de persoal para o ano 2024.

En cumprimento do previsto nos artigos 169 e 170 da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo (TRLRFL), o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte o da súa publicación, o cal tivo lugar mediante a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña do día 12 de febreiro de 2024 (BOP nº 31), comezando a súa exposición o día 13 de febreiro e rematando o prazo da mesma o día 4 de marzo.

No citado período, e de conformidade coa certificación emitida polo Secretario Xeral do Pleno de Santiago de Compostela de data 6 de marzo de 2024, recibíronse por parte dos interesados un total de 44 reclamacións, as cales forman parte da documentación que forma parte do expediente de orzamento xeral para o exercicio 2024; posteriormente, solicitáronse os informes pertinentes aos departamentos de persoal, de servizos básicos e de vías e obras, co obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Trala emisión do preceptivo ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, o Concello-Pleno en sesión ordinaria celebrada en data 20 de marzo de 2024 adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de Veciños Volta do Castro-O Rial, por non atopar cabida en ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL.

SEGUNDO.- Desestimar a alegación presentada pola sección sindical da CIG, por non atopar cabida en ningún dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL.

TERCEIRO.- Desestimar as 39 alegacións presentadas polo persoal municipal, por non concorrer nas persoas reclamantes a presenza de interese directo e lexítimo que se infire do contido do artigo 170.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

CUARTO.- Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio 2024, composto polo da entidade matriz, o seu organismo autónomo "Auditorio de Galicia" e o das sociedades mercantís integramente participadas, Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA) e Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago S.A. (TUSSA)

QUINTO.- Aprobar o cadro de persoal para o exercicio 2024 da Entidade local e do seu Organismo autónomo.

SEXTO.- Aprobar as Bases de Execución e restante documentación complementaria que integra o Orzamento municipal de 2024.

SÉTIMO.- Considéranse anuladas as modificacións orzamentarias aprobadas sobre o orzamento do Concello 2023 prorrogado para 2024 que se relacionan no listado anexo 0 que se incorpora no Informe Económico Financeiro, modificado no expediente en data de 25.01.2024. As dotacións afectadas polas anteditas modificacións de crédito considéranse incluídas nos créditos iniciais deste orzamento definitivo 2024 (artigo 21.6 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos).

OITAVO.- En cumprimento do preceptuado no artigo 169 do TRLRFL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, deberá ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos e estados que o integran, e entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado no artigo precitado e surtirá efectos desde o un de xaneiro.

NOVENO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado, remitirase copia a Administración do Estado e a Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior.

DÉCIMO.- De acordo ao previsto no artigo 171 TRLRHFL, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da indicada xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación municipal.

1.-RESUMO DE ORZAMENTOS E ESTADOS DE PREVISIÓN:

1.1.- ORZAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I	49.739.911,64	40.741.415,56
CAPÍTULO II	5.426.590,60	58.530.330,86
CAPÍTULO III	23.622.822,90	801.259,32
CAPÍTULO IV	44.859.349,38	21.005.477,95
CAPÍTULO V	858.000,00	100.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	124.506.674,52	121.178.483,69
CAPÍTULO VI	5.878.043,64	18.951.338,57
CAPÍTULO VII	2.970.327,85	770.787,47
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	8.848.371,49	19.722.126,04
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	133.355.046,01	140.900.609,73
CAPÍTULO VIII	65.000,00	65.000,00
CAPÍTULO IX	9.000.000,00	1.454.436,28
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	9.065.000,00	1.519.436,28
TOTAL ORZAMENTO 2024	142.420.046,01	142.420.046,01

1. II.- ORZAMENTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO AUDITORIO DE GALICIA

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		1.099.573,11
CAPÍTULO II		1.956.572,82
CAPÍTULO III	604.254,55	1.000,00
CAPÍTULO IV	2.470.000,00	12.000,00
CAPÍTULO V	4.845,45	9.954,07
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	3.079.100,00	3.079.100,00
CAPÍTULO VI		50.000,00
CAPÍTULO VII	50.000,00	
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	50.000,00	50.000,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.129.100,00	3.129.100,00
CAPÍTULO VIII	10.000,00	10.000,00
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	10.000,00	10.000,00
TOTAL ORZAMENTO 2024	3.139.100,00	3.139.100,00

1. III.- ESTADO DE PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS DA SOCIEDADE MUNICIPAL DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA)

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		1.098.970,57
CAPÍTULO II		1.839.308,24
CAPÍTULO III	313.000,00	
CAPÍTULO IV	2.635.000,00	
CAPÍTULO V		
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	2.948.000,00	2.938.278,81
CAPÍTULO VI		2.500,00
CAPÍTULO VII		
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	2.500,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	2.948.000,00	2.940.778,81
CAPÍTULO VIII		
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00	0,00
TOTAL ORZAMENTO 2024	2.948.000,00	2.940.778,81

1.IV.- ESTADO DE PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS DA SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, S.A. (TUSSA)

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I		2.471.321,11
CAPÍTULO II		1.049.464,65
CAPÍTULO III	3.480.779,74	1.000,00
CAPÍTULO IV		
CAPÍTULO V	80.830,20	
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	3.561.609,94	3.521.785,76
CAPÍTULO VI		44.000,00
CAPÍTULO VII		
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	44.000,00
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	3.561.609,94	3.565.785,76
CAPÍTULO VIII	44.000,00	
CAPÍTULO IX		
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	44.000,00	0,00
TOTAL ORZAMENTO 2024	3.605.609,94	3.565.785,76

1. V.- ORZAMENTO CONSOLIDADO

CAPÍTULOS	INGRESOS	GASTOS
CAPÍTULO I	49.739.716,04	45.411.280,35
CAPÍTULO II	5.426.590,60	61.622.027,86
CAPÍTULO III	26.267.404,08	803.259,32
CAPÍTULO IV	45.428.422,38	16.481.550,95
CAPÍTULO V	943.675,65	109.954,07
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	127.805.808,75	124.428.072,55
CAPÍTULO VI	5.878.043,64	18.997.838,57
CAPÍTULO VII	2.970.327,85	770.787,47
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	8.848.371,49	19.768.626,04
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	136.654.180,24	144.196.698,59
CAPÍTULO VIII	119.000,00	75.000,00
CAPÍTULO IX	9.000.000,00	1.454.436,28
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	9.119.000,00	1.529.436,28
TOTAL ORZAMENTO 2024	145.773.180,24	145.726.134,87

2.- CADRO DE PERSOAL ANO 2024.

2.1.- CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2024

A.- ÓRGANOS DIRECTIVOS ARTIGO 130 LEI 7/1985 DE 2 DE ABRIL REGULADORAS DAS BASES DO RÉXIME LOCAL E DA LEI 57/2003 DE 16 DE DECEMBRO DE MEDIDAS DE MODERNIZACIÓN DO GOBERNO LOCAL

8 Direccións de Área. Grupo A1

1 Vicedirección da Asesoría Xurídica. Grupo A1

B.- PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

B1.- PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN NACIONAL

1 Secretario/a Xeral do Pleno.- Grupo A1

1 Interventor/a.- Grupo A1

1 Tesoureiro/a.- Grupo A1

1 Secretario/a da Administración Municipal.- Grupo A1

1 Viceinterventor/a.- Grupo A1

1 Viceteseureiro/a.- Grupo A1

1 Titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade.

B2.- PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL

B.2.1.-Subescala Técnica

27 Técnicos/as.- Grupo A1.- Nivel Titulación: Licenciatura/Grao, ou equivalente.

B.2.2.- Subescala de Xestión

29 Técnicos/as de xestión.- Grupo A2.- Nivel de Titulación: Grao/Diplomatura Universitaria ou equivalente.

B.2.3.- Subescala Administrativa

92 Administrativos/as.- Grupo C1.- Nivel Titulación: Bacharelato ou Técnico ou equivalente.

B.2.4.- Subescala Auxiliar

32 Auxiliares Administrativos/as.- Grupo C2.- Nivel Titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

B.2.5.- Subescala Subalterna

4 Conserxes.- Grupo C2. Nivel Titulación: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.

7 Uxieres.- Agrupacións Profesionais do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP en diante). Nivel Titulación: Certificado de Escolaridade.

B3.- PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**B.3.1.- Subescala Técnica****B.3.1.1.- Técnicos/as Superiores**

2 Letrados/as. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Dereito ou equivalente.

2 Técnicos/as superiores de Medio Ambiente. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Bioloxía, Química, Ciencias Ambientais, Enxeñería Industrial ou Enxeñería de Camións.

1 Inspector/a sanitario. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Farmacia, en Químicas, ou en Bioloxía.

1 Arquivoiro/a. Grupo A1. Nivel de titulación: Licenciatura/Grao en Biblioteconomía e Documentación, Información e Documentación, Xeografía e Historia, Historia da Arte, Historia, Filosofía e Letras, Humanidades, Xestión Documental e Arquivística ou equivalente.

1 Enxeñeiro/a industrial. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Enxeñería Industrial ou equivalente.

12 Arquitectos/as. Grupo A1. Nivel de titulación: Licenciatura na Escola de Arquitectura ou equivalente.

2 Arqueólogos/as. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Xeografía e Historia, especialidade de Arqueoloxía.

3 Economistas. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Ciencias Económicas ou Empresariais.

2 Analistas de Sistemas Informáticos. Grupo A1. Nivel de titulación: Enxeñaría Superior de Telecomunicacións, Grao/Licenciatura en Informática ou Grao/Licenciatura en Matemáticas.

1 Técnico/a en prevención de riscos laborais. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciado/a Universitario/a con polo menos dúas especialidades do Regulamento de Prevención.

1 Técnico/a de programación e xestión cultural. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura universitaria en disciplinas afíns á área de Humanidades.

2 Titulados/as en dereito. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en dereito.

1 Xornalista. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Xornalismo.

1 Técnico/a en Ciencias Empresariais. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura Empresariais/ADE ou equivalente.

2 Enxeñeiros de Camións. Grupo A1. Nivel de titulación: Enxeñería de Camións ou equivalente.

1 Técnico/a de normalización lingüística. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Filoloxía Galega.

1 Técnico/a en Protocolo. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Protocolo e Organización de Eventos ou equivalente.

B.3.1.2.- Técnicos/as Medios/as

4 Enxeñeiros/as Técnicos/as. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Enxeñaría Técnica Industrial ou equivalente.

6 Arquitectos/as Técnicos/as. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Arquitectura Técnica.

1 Graduado/a Social. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Diplomatura en Graduado Social.

5 Técnicos/as medios en informática. Grupo A2. Nivel de titulación: Diplomatura Universitaria ou equivalente en Informática.

1 Técnico/a medio/a en programación de deportes. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao INEF ou equivalente.

4 Traballadores/as Sociais. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Diplomatura en Traballo Social.

2 Educadores/as Sociais/Familiares. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Diplomatura en Educación Social, Traballo Social, Psicoloxía, Pedagogía ou Psicopedagogía.

5 Coordinadores/as de Centros Socioculturais. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura.

1 Axente de Emprego. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Diplomatura.

1 Enxeñeiro/a técnico/a Agroforestal. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Diplomatura Agroforestal.

B.3.1.3.- Técnicos/as delineantes e programadores/as informáticos/as.

2 Programadores/as informáticos/as. Grupo B. Nivel de titulación: Técnico/a Superior en Formación Profesional ou equivalente.

4 Técnicos/as medios/as delineantes. Grupo B. Nivel de titulación: Técnico/a Superior en Formación Profesional ou equivalente.

B.3.1.4.- Técnicos/as Auxiliares

6 Técnicos/as auxiliares en Informática. Grupo C1. Nivel de titulación: Técnico/a en FP (técnico/a en sistemas microinformáticos e redes ou similar) ou equivalente.

7 Delineantes. Grupo C1. Nivel de titulación: Técnico en FP familia en delineación ou equivalente.

1 Técnico/a intermedio en prevención de riscos laborais. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato, Ciclo Superior de F.P. ou equivalente, con curso homologado de prevención de 300 horas, ou Ciclo Superior de F.P. da familia profesional de mantemento e servizos á produción.

1 Técnico/a auxiliar en redes. Grupo C1. Nivel de titulación: Técnico en FP (técnico en sistemas microinformáticos e redes ou similar) ou equivalente.

B.3.2. Subescala de Servizos Especiais**B.3.2.1. Persoal de Oficios****B.3.2.1.1. Parques e Xardíns**

2 Especialistas. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato, Técnico ou equivalente.

6 Oficiais Xardineiros. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

B.3.2.1.2. Parque Móbil

1 Xefe/a do Parque Móbil. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

3 Condutores/as. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

B.3.2.1.3. Vías e Obras

1 Encargado/a. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

1 Capataz. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

4 Oficiais servizos múltiples. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

1 Oficial servizos múltiples, especialidade fontaneiro/a. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

1 Oficial servizos múltiples, especialidade soldador/a. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

1 Oficial servizos múltiples, especialidade carpinteiro/a metálico. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

2 Oficiais condutor/a tractor-palista. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

B.3.2.1.4. Circulación e seguridade cidadá

1 Oficial servizos múltiples. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

B.3.2.1.5. Deportes

1 Técnico/a mantemento. Grupo C1. Nivel de titulación: Ciclo FP "Instalacións produción de calor" ou equivalente.

B.3.2.2. Cometidos Especiais**B.3.2.2.1. Banda de Música**

32 Músicos. Grupo A2. Nivel de titulación: título de profesor superior de música (RD 617/1995, de 21 de abril).

4 Músicos. Grupo C1. Nivel de titulación: título de profesor de música (decreto 2618/66, de 10 de setembro), título profesional de música da L.O 1/90, de 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, ou equivalente.

B.3.2.2.2. Sanidade e Medio Ambiente

1 Auxiliar de Inspección de Servizos. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

B.3.2.2.3. Extinción de Incendios

1 Oficial (Xefatura de Servizo). Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura ou equivalente.

- 1 Técnico/a Medio/a en Prevención e Seguridade Integral Operativa. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Diplomatura universitaria ou equivalente con polo menos dúas especialidades do Regulamento de prevención.
- 4 Xefes de Equipo. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Diplomatura Universitaria ou equivalente.
- 5 Sarxentos. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato, Técnico FP ou equivalente.
- 5 Xefes de Dotación. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato, Técnico FP ou equivalente.
- 5 Cabos. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.
- 42 Bombeiros/as – Condutores/as especialistas. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato, Técnico FP ou equivalente.
- 47 Bombeiros/as – Condutores/as. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.
- 2 Bombeiros/as xestión operativa e preventiva. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

B.3.2.4. Policía Municipal

- 1 Intendente. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura ou equivalente. Escala técnica da Policía Municipal.
- 5 Inspectores/as principais. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura ou equivalente. Escala executiva da Policía Municipal.
- 9 Inspectores/as. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura ou equivalente. Escala executiva da Policía Municipal.
- 19 Oficiais. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato, Técnico FP ou equivalente. Escala básica da Policía Municipal.
- 122 Policías. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato, Técnico FP ou equivalente. Escala básica da Policía Municipal.

C.- PERSOAL LABORAL

C1.- IGUALDADE E SERVIZOS SOCIAIS

- 1 Licenciado/a /Grao en Dereito. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Dereito.
- 2 Psicólogos/as. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Psicoloxía ou equivalente.
- 7 Traballadores/as Sociais. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Diplomatura en Traballo Social.
- 3 Educadores/as Sociais Familiares. Nivel de titulación: Grao/Diplomatura en Educación Social.
- 1 Técnico en Desenvolvemento Local. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura.

C2.- PARQUES E XARDÍNS

- 1 Oficial xardineiro/a. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.
- 1 Soldador/a. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

C3.- DEPORTES

- 1 Técnico/a en Programación Deportiva. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en INEF ou equivalente.
- 6 Porteiros/as – Conserxes de instalacións deportivas. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

C4.- PARQUE MÓBIL

- 3 Condutores/as. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

C5.- SERVIZOS INTERNOS

- 1 Conserxe. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

C6.- EDUCACIÓN / CENTROS SOCIOCULTURALS / MOCIDADE

- 5 Técnicos/as de Educación/Mocidade/Cultura. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura.
- 8 Educadores/as/Animadores/as Socioculturais. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato, Técnico FP ou equivalente.

C7.- EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA/ DESENVOLVEMENTO LOCAL

- 1 Técnico/a en Orientación Laboral. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura.
- 2 Xestores/as formativos/as. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura/Enxeñaría técnica/Diplomatura.
- 3 Axentes de Desenvolvemento Local. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato, Técnico FP ou equivalente.

C8.- INMIGRACIÓN/EMIGRACIÓN

1 Técnico/a de Desenvolvemento Local. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura.

C9.- LINGUA GALEGA

1 Lingüista. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Filloxía Galego-Portuguesa.

C10.- PRENSA E PUBLICACIÓNS

1 Xornalista. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Xornalismo.

C11.- BANDA DE MÚSICA

1 Director/a. Grupo A1. Contrato de alta dirección.

C12.- UMAD

2 Médicos/as. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Medicina.

4 Psicólogos/as. Grupo A1. Nivel de titulación: Grao/Licenciatura en Psicoloxía ou equivalente.

2 DUE/Graduado Universitario en Enfermería. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Diplomatura en Enfermería.

1 Traballador/a Social. Grupo A2. Nivel de titulación: Grao/Diplomatura en Traballo Social.

1 Educador/a Social. Grupo A2 (UMAD). Nivel de titulación: Grao/Diplomatura en Educación Social.

1 Auxiliar de Clínica. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato, Técnico FP en coidades auxiliares de enfermería ou equivalente.

1 Director/a de Tempo Libre. Grupo C1. Nivel de titulación: Bacharelato, Técnico FP ou equivalente.

1 Monitor/a ocupacional. Grupo C2. Nivel de titulación: ESO (Secundaria) ou equivalente.

D.- PERSOAL EVENTUAL

14 Asesores/as técnicos/as. Grupo A1.

9 Asesores/as administrativos/as. Grupo C1.

2.2.- CADRO DE PERSOAL DO ORGANISMO AUTÓNOMO "AUDITORIO DE GALICIA" PARA O ANO 2024:**A.- PERSOAL DIRECTIVO**

1 Director/a Xerente. Asimilado Grupo A1. Nivel 30. Titulación: Licenciado/a Universitario/a.

B.- PERSOAL LABORAL

1 Subdirector/a. Asimilado Grupo A1. Nivel 24. Titulación: Licenciado/a Universitario/a.

1 Administrador/a. Asimilado Grupo A1. Nivel 24. Titulación: Licenciado/a en CC. Económicas ou Empresariais.

1 Técnico/a Superior en Comunicación. Asimilado Grupo A1. Nivel 22. Titulación: Licenciado/a en CC. da Comunicación ou Comunicación Audiovisual.

1 Responsable de Exposicións e Actividades Culturais. Asimilado Grupo A2. Nivel 22. Titulación: Diplomado/a Universitario/a.

1 Responsable Taquillas e Apoio Administrativo. Asimilado Grupo C1. Nivel 18. Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional 2º Grao ou equivalente.

3 Oficiais Administrativos/as. Asimilado Grupo C1. Nivel 18. Titulación: Bacharelato Superior, Formación Profesional 2º Grao ou equivalente.

4 Vixiantes. Asimilado Grupo C2. Nivel 15. Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

2 Oficiais de mantemento. Asimilado Grupo C2. Nivel 15. Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

2 Porteiros/as. Asimilado Grupo C2. Nivel 15. Titulación: Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º Grao ou equivalente.

A adaptación ao novo Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior realizarase de acordo co establecido no Real Decreto 1027/2011, de 15 de xullo, e coa lexislación vixente derivada desta.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2024

O concelleiro delegado de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local

Manuel César Vila

2024/1947